



Desde un galpón nunha aldea de Galicia “Furancho Total” propón un show gamberro con pouca vergoña. Con público en directo sentado no palleiro, colaboradores, sketches e entrevistas inesquencibles. Un espazo golfo e sorprendente para sentirse orgullosos da cultura rural.

FURANCHO T·O·T·A·L

O Late Night do Galpón

TRE
BOA



Monólogos de Humor



Colaboradores



Galponing



MASCOTAS



Parodias

É NOITE, GALICIA DURME ...

Toda? Non. Un pequeno grupo de humoristas xúntanse nunha granxa con xente disposta a pasalo ben. Comezan a súa peculiar ofensiva contra a rutina e o aburrimiento. Comeza ...

FURANCHO T.O.T.A.L

Xénero: Late Night
Duración: 90'
Frecuencia: Semanal

ESTRUTURA

- 1 MONÓLOGO** grabado nalgún lugar de Galicia, cada día distinto: desde dentro dun barco, nunha praza dunha aldea, nun clube de fútbol ou nunha casa no Courel.
- 2 SECCIÓN DE ACTUALIDADE** cun vídeo grabado por un colaborador en clave de humor: encuestas tolas, preguntas a pillar, fake news, visitas a eventos, ...
- 3 TALK SHOW.** Un novo colaborador traeranos unha ocorrencia en forma de diálogo de humor guionizado. Sentados nas súas alpacas charlan e improvisan para facer que a audiencia se esmendrelle de risa.
- 4 ENTREVISTA,** chega un famoso da cultura popular ó galpón. Comeza unha entrevista biográfica onde repasan anécdotas, ven vídeos antigos e charlan distendidamente. Durante a entrevista convidado e presentador dan paso a un **SKETCH DE HUMOR** grabado previamente con él ou ela.
- 5 ESPECTÁCULO.** Actuación no galiñeiro dunha banda en promoción, curtísima de teatro, danza, ...
- 6 SECCIÓN DE HUMOR** lanzamento dun vídeo pregrabado que pode adoptar distintas formas, unha curta de humor, sketches na rúa, cámaras ocultas, datings extremos, ...